XORNADA

Seguros agrarios e cambio climático

Retos xurídicos para a protección do medio rural



Deseño: Área de Imaxe

21 de setembro de 2026
10.45 h
Aula Magna Concepción Arenal
Facultade de Dereito
Campus de Ourense

Proxecto de investigación PID-2023-149038OB-100

Universidade Vigo
Campus Auga
Facultade de Dereito
Área de Dereito Mercantil

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL



Universidade Vigo

Comité organizador

- **Dirección:** Ana María Tobío Rivas
  Catedrática de Dereito Mercantil
  Universidade de Vigo
- **Coordinación:** Roberto Couto Calviño
  Profesor Axudante Doutor de Dereito Mercantil do Campus de Ourense
  Universidade de Vigo

Sobre a xornada

O sector asegurador desempeña unha importante función na cobertura dos danos que sofre o medio rural ante o cambio climático. Os seguros teñen unha gran relevancia na agricultura moderna e na protección do medio ambiente, posto que actúan como unha ferramenta de xestión de riscos ante a inestabilidade climática. Os seguros agrarios constitúen unha modalidade aseguradora xa tradicional que, nos últimos anos, deben enfrontarse a novos riscos, en particular os de carácter climático, e dar protección ante o acaecimiento de sinistros, algúns de gran envergadura.

Na xornada poñeranse de manifesto as fortalezas, retos e capacidade de adaptación do sector asegurador ante novos feitos e acontecementos, como é o cambio climático, que producen danos substanciais, coa finalidade de dar unha cobertura adecuada e eficaz. Con ese obxectivo, tratarase, en primeiro lugar, sobre os seguros paramétricos, como unha nova oportunidade para o mundo agrario. Este tipo de seguros, que presentan un carácter innovador, permiten a activación automática do seguro e a correspondente indemnización, ante un evento predefinido baseado en medicións obxectivas, segundo a intensidade dun fenómeno climático, sen avaliar danos reais. Son apropiados para a agricultura, posto que ofrecen rapidez e transparencia, eliminando axustes custosos e garantindo liquidez inmediata.

Tamén se abordarán os seguros medioambientais. O seguro agrario e o seguro de responsabilidade medioambiental operan sobre presupostos xurídicos e riscos técnicos diferentes. Mentres que o primeiro ten como obxecto principal a protección do rendemento económico da explotación fronte a adversidades climáticas, o seguro medioambiental cobre a responsabilidade civil e administrativa derivada, fundamentalmente, da Lei 26/2007. En España, o seguro agrario non adoita incluír a reparación de danos aos recursos naturais nin tampouco os custos de descontaminación da propia parcela ou de leiras lindeiras tras unha vertedura accidental ou gradual. Por iso, a contratación dunha póliza medioambiental específica convértese no mecanismo técnico necesario para transferir os riscos derivados de situacións ambientais que, pola súa elevada contía económica e dificultades de cuantificación, poderían comprometer a solvencia patrimonial do titular da explotación ante calquera incidencia contaminante.

Inscrición

A xornada é presencial. A asistencia é de balde e libre ata completar as prazas. Para asistir é necesario inscribirse enviando un email antes do 18 de setembro a: **rcouto@uvigo.es,** especificando os seguintes datos: nome e apelidos, DNI e ocupación.

Programa

10.45 h **Presentación da xornada**

11.00 h. ***Os seguros paramétricos: unha nova oportunidade para o mundo agrario?***
Prof. Dr. Juan Bataller Grau
Catedrático de Derecho Mercantil de la Universitat de Valencia
Vicepresidente de SEAIDA - Sección Española de la Asociación Internacional de Derecho del Seguro

12.00 h. ***Seguros medioambientais: máis aló do seguro agrario***
Profª. Drª. María Jesús Peñas Moyano
Catedrática de Derecho Mercantil de la Universidad de Valladolid
Miembro de la Junta Directiva de SEAIDA - Sección Española de la Asociación Internacional de Derecho del Seguro

13.00 h **Coloquio**